

RESPONSABILIDADE, AUTORIDADE E ORGANIGRAMA

A Dirección da Federación DOWN GALICIA, establece a responsabilidade e autoridade de todas e cada unha das persoas membro dos Servizos implicados no Sistema de Xestión de Calidade (procesos e procedementos que o integran), co fin de delimitar as mesmas e facilitar así unha efectiva xestión da calidade.

As responsabilidades principais están definidas no organigrama de DOWN GALICIA e dos Servizos do Sistema de Xestión da Calidade, así como a través dos perfís profesionais descritos no anexo 1 do Manual de Calidade, nos que se especifican as funcións e a formación requirida para o seu desempeño.

Do mesmo xeito, a través da Dirección da Federación asegúrase que estas responsabilidades que afectan ó persoal dos servizos sexan debidamente comunicadas e difundidas en todos os niveis da organización.

Funcións directamente relacionadas co Sistema de Xestión de Calidade (SXC):

- **Auditor/a interno:** responsable de realizar as auditorías internas anuais fixadas no Calendario anual de auditorías internas. Ademais da persoa técnica de calidade, que será a figura responsable de coordinar as auditorías internas, terán esta función as persoas designadas por cada entidade que poden ser diferentes en cada anualidade.
- **Responsable de calidade do Sistema de Xestión de Calidade:** responsable de marcar as directrices relacionadas co sistema: Presidente de Down Galicia, delegación na Xerencia da Federación Down Galicia.
- **Responsable de calidade da entidade:** persoa/s responsables de cada entidade encargadas da difusión, implantación, seguimento, avaliación e mellora do Sistema de Xestión de Calidade na súa entidade. Forma parte do comité de calidade. Se non se fai un nomeamento específico, a persoa responsable de calidade será a mesma que a persoa responsable da dirección da entidade (xerencia, coordinación, dirección...etc.)
- **Comité de Calidade:** composto polas persoas responsables de calidade de todas as Entidades Membro ou persoas delegadas no seu nome xunto coa área técnica de calidade.
- **Responsable de privacidade:** responsable da implantación e supervisión da aplicación da norma de protección de datos persoais.
- **Responsable de área/programa:** con funcións de coordinación dentro da área e os programas da mesma.
- **Responsable de compras:** polo xeral, unha persoa de administración das entidades membro.
- **Responsable de intervención con familias:** polo xeral, a persoa responsable da entidade.

No seguinte organigrama móstrase unha visión xeral da organización como conxunto da Federación e as súas entidades membro.

